Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio ambiente

Nº 184
9/06/2021



O lago das Encrobas (Cerceda), xa aberto, **une turismo, natureza e deporte**. Recibe aos seus primeiros visitantes desde o xoves 27 de maio, unha vez culminado o proxecto de **rehabilitación ambiental da antiga mina de lignito en Cerceda** tras a transferencia deste espazo ao Dominio Público Hidráulico. Veciños e visitantes xa poden gozar deste novo **espazo natural** de libre acceso que suma **unhas 230 hectáreas**. A contorna inclúe o lago artificial e a súa praia, así como as marxes da contorna. É un **gran espazo protexido de biodiversidade** que supoñerá un impulso ao desenvolvemento económico, turístico e ambiental da zona, polo valor natural do espazo creado.

Noticias

Día Mundial do Medio Ambiente, 5 xuño

Durante demasiado tempo, estivemos explotando e destruíndo os ecosistemas do noso planeta.

A perda dos ecosistemas está a privar ao mundo de sumidoiros de carbono, como os bosques e as turberas, nun momento en que a humanidade xa non pode permitirllo. As emisións globais de gases de efecto invernadoiro aumentaron durante tres anos consecutivos e o planeta está a un paso dun cambio climático potencialmente catastrófico. Ante este gran problema, o **Día Mundial do Medio Ambiente céntrase na restauración de ecosistemas co lema "Reimagina, recrea, restaura".**

Máis Info

A Coruña celebrou o martes o Día Mundial dos Océanos cunha limpeza de praias

A Coruña celebrou o martes o Día Mundial dos Océanos cunha **limpeza nas praias do Orzán, Riazor e Matadoiro.**

A actividade programada, que se desenvolveu a partir das 19:00 horas, foi de carácter familiar e apta para todos os públicos. We Sustainability limpa os areais cada semana coa axuda de diferentes colectivos, como os colexios da cidade, e insiste na importancia de **concienciar á cidadanía sobre o problema de ensuciar as praias e océanos.**

Máis Info

E si coidar as árbores vellas fose máis importante que plantar outros novos?

Cortar unha árbore e plantar cinco no seu lugar pode parecer unha solución perfecta para loitar contra a deforestación e o cambio climático, pero non sempre é así. Unha vez máis hai que ter en conta que a cantidade adoita estar rifada coa calidade. Coas árbores sucede especialmente.

Unha árbore recentemente plantada necesita unha media de 10-15 anos para realizar unha captura de CO2 significativa. En espazos áridos como o mediterráneo e con especies de crecemento lento como as que son frecuentes nestes ecosistemas fai falta aínda moito máis tempo.

Por iso é tan importante coidar e conservar o que xa temos, como eses miles de hectáreas de vellos oliveirais que languidecen abandonadas no mundo rural por falta de rendibilidade.

Más Info

O Concello da Coruña ofrecerá este verán actividades gratuítas de deportes acuáticos

Esta primeira edición do programa **busca achegar os deportes acuáticos aos coruñeses**, que terán a posibilidade de continuar estas actividades nas escolas das entidades colaboradoras.

O programa diríxese a poboación de calquera idade, dividida por nenos e nenas, adolescentes e adultos, co único requisito de saber nadar. **Poderanse realizar de luns a venres ou os sábados e domingos**. O curso será gratuíto e haberá **738 prazas:** 536 semanais e 202 de fin de semana. Os deportes ofertados son **surf, windsurf, vea, kaiak, piragüismo, submarinismo e snorkel, entre outros**. Para as actividades de xullo, a inscrición poderá realizarse do 8 a 14 de xuño. E para as de agosto e setembro, entre o 5 e o 12 de xullo.

Máis Info

Como ser ecolóxicos a golpe de 'app'

Os españois teñen de **media 35 aplicacións instaladas nos seus teléfonos móbiles,** segundo un estudo de Hootsuite, que van desde apps de restauración para pedir comida a domicilio —as que máis subiron en 2020—, pasando por tendas de roupa ou, por suposto, redes sociais. Non en balde, estímase que, en 2021, o número de horas que se destinarán a consultar aplicacións ascenderá a 3,5 millóns de horas anuais. Por iso, que mellor que unir esta tendencia dixital á da sustentabilidade na procura de xestos diarios que contribúan a concienciar e facilitar o coidado do medio ambiente.

Go Green Challenge é unha boa aplicación gratuíta para **exporse a sustentabilidade** como un reto cheo de pequenos xestos diarios. Trátase **de coidar o medio ambiente mediante unha serie de tarefas** -realizables de inmediato ou para levar a cabo de forma permanente- que vai marcando a propia aplicación. Ao cumprilos, vanse acumulando puntos e por tanto subíndose de nivel. Pode comprobarse o noso ritmo de aprendizaxe mediante o historial...

Máis Info

Sabías que...

Restauración ecolóxica. Chámaselle así ao proceso de asistencia á recuperación dun ecosistema degradado, danado ou destruído por accións externas, que busca devolvelo integralmente ao seu estado previo á degradación. Tamén se lle chama, restauración de ecosistemas. Esta restauración pode ser **activa**, se hai intervención humana directa para orientala e acelerala (replantando especies, por exemplo), ou **pasiva**...

Mestura informativa

RECEITA ECOLÓXICA: Empedrat

Ingredientes para 2 persoas:

Xudías brancas fervidas 400 g, bacallau desalado 200 g, tomate grande 1, cebola grande 1, pemento vermello 0.5, ovos 2, sal, aceite de oliva virxe extra, olivas negras.

Empezaremos desmigando o bacallau, é dicir irémolo facendo pedazos coa man e sacando tiras de bacallau, sempre coas mans para que quede máis esfiañado e absorba máis o aceite.

Poñémolo nun bol, xunto ás xudías escurridas. Troceamos pequenos o tomate, a cebola e o pemento e agregámolos ao bol. Incorporamos tamén as olivas e aderezámolo todo con abundante aceite de oliva e sal. Pelamos os ovos, partímolos pola metade e servimos o empedrat cos ovos.

Máis Info

"A túa comida ten algo que dicirche", nova campaña contra o desperdicio alimentario de Sogama

Sogama lanza unha nova **campaña** que, baixo o lema **"A túa comida ten algo que dicirche"**, ten por obxecto contribuír a **reducir o desperdicio alimentario**.

Hai que poñer freo a un problema que cada vez vai a máis. **Un terzo dos alimentos que se producen no mundo para o consumo humano desperdícianse**; en España, 7,7 millóns de toneladas, situándose como o sétimo país da Unión Europea que máis comida refuga. O 70% dos españois asegura comprar máis alimentos dos que realmente precisa.

Máis info

Os 'escuros segredos' do salmón afumado

Cando vas ao supermercado a comprar salmón afumado podes elixir entre moitas opcións, con sal, sen sal, afumado, con especias, BIO, escocés, noruegués... Pero algunha vez parácheste a mirar realmente a **etiquetaxe**? Si, o que vai detrás, a información real do produto. Pois ben, atoparás pouca cousa. Principalmente **si é salmón do atlántico ou non (Salmo salgar) e pouco máis**. Sobre todo non atoparás información de como foi alimentado ese salmón.

Antes de ser un salmón adulto **foi criado en granxas de acuicultura ou piscifactorías en Noruega, Irlanda e Escocia**, porque é onde a auga ten a temperatura ideal para que o salmón creza. Unha granxa de acuicultura é unha gaiola flotante directamente no mar.

Máis Info

As diferenzas locais axudan ás bolboretas a adaptarse ao cambio climático

A diversidade de insectos e a súa abundancia está comprometida a escala global por diferentes **ameazas**, incluíndo o **cambio climático, a degradación do hábitat ou a contaminación**, cuxa intensidade varía xeograficamente e ao longo do tempo.

Para determinar como a diversidade de insectos responde ao aumento de temperaturas, é necesario coñecer os cambios a longo prazo nas comunidades de insectos no maior número de ambientes e ecosistemas posibles.

Máis Info

Boas Prácticas

O sector do xoguete pásase á economía circular: ata Barbie recíclase

A industria fabricante de xoguetes avanza cara a un modelo de desenvolvemento máis sostible, baseado na **reutilización e a reciclaxe de materiais**, e pon en valor o respecto ao medio ambiente. A icónica **boneca Barbie** súmase á economía circular. Así o anunciou a empresa que a fabrica, Mattel, que afirma que empezará a reciclar antigas bonecas este mesmo ano. Baixo o nome de **Mattel Playback**, a marca quere **recuperar e reusar** materiais de xoguetes vellos para fabricar os seus novos modelos dunha forma máis sostible.

E para facelo pide a participación dos clientes que teñan Barbies ou calquera outro xoguete que xa non queiran conservar.

Máis info

Ecoembes: visibilizar todo o ciclo dos residuos será unha realidade en 2023

Coñecer a traxectoria dos residuos, desde que se depositan no colector de recollida ata o seu tratamento en plantas autorizadas, centra o esforzo de **Ecoembes e Administracións** para conseguir que esta trazabilidade poida estar implantada en 2023 en toda España e a optimización na xestión dos residuos sexa unha realidade.

O artífice desta revolución na reciclaxe intelixente é **TheCirularLab, o centro de innovación de Ecoembes en Logroño** que, en colaboración coa firma Minsait, impulsaron a plataforma tecnolóxica SmartWaste, que xa está en **fase de implementación en catro plantas de tratamento**.

Máis Info

Como podemos fomentar a bici na cidade?

Algunha vez calculaches canto gastas en gasolina, só nos teus traxectos á oficina, ou en aparcamento? Hai que incidir en que **a bicicleta é un eficiente medio de transporte na cidade.** Os que nos movemos habitualmente en bicicleta chegamos ao noso destino puntuais, sen sufrir atascos ou problemas de aparcamento; o exercicio axúdanos a combater a tensión, o insomnio ou o sobrepeso... Non xeramos ruído, nin emisións contaminantes. E en definitiva, chegamos aos sitios cun sorriso.

Si as empresas, centros de estudos e gobernos fomentasen máis a bici como medio de transporte, **reduciríase o absentismo laboral en 1,3 días de media en Europa...**

Máis Info

Axenda Ambiental

- **III ENCONTRO INTERNACIONAL FORO HUMBOLDT CORUÑA, Humboldt e os retos actuais de conservación**, 8 xuño, carácter online.
- **III Xornada de Mulleres Relevantes na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.** 11 xuño, online, CEIDA.
- "**Fuentes de financiamento europeas para solucións innovadoras no campo dos incendios forestais**".9 xuño.

Ver Boletíns anteriores

Deputación da Coruña
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
Email: medioambiente@dacoruna.gal

- 4 -